

AS AVENTURAS DE EMIL

Texto de **ASTRID LINDGREN**

Ilustracións de **BJÖRN BERG**

Tradución de **DAVID A. ÁLVAREZ MARTÍNEZ**


Encadernado en cartón. 16 x 23,5 cm. 108 páx. 17 €
ISBN 978-84-1343-342-4. Libros ilustrados. Sete Leguas +

Emil de Lönneberga era o nome dun rapaz que vivía en Lönneberga. Era un pequeno algo traste e teimudo e non tan bo coma ti. Pero parecía boiño, claro que si. Cando non se puña a berrar. Tiña os ollos redondos e azuis, a cara redonda e avermellada e cabelo claro e laúdo. En conxunto e de certa maneira, parecía «riquiño» e podía mesmo pensarse que Emil era un verdadeiro anxo. Pero non nos deberíamos enganar...

60 anos despois da súa publicación, chegan en galego «As aventuras de Emil», ideais para ler e gozar en familia coas andanzas deste neno de cinco anos agarimoso e ocorrente que vive nunha granxa coa súa familia. Ao igual que co personaxe de Pippi Mediaslongas, trátase dunha exitosa serie que Astrid Lindgren escribiu na década de 1960 inspirándose, neste caso, nos recordos da infancia que lle contara o seu pai, un gran narrador de historias. A autora tiña un agarimo especial por esta obra, que o director sueco Olle Hellbom adaptou ao cinema en 1971. Convencida de que a felicidade e a aprendizaxe de nenas e nenos está unida ao xogo, Emil pasa o tempo xogando. Métese en leas polas súas divertidas falcatrudas, pero sae delas con enxeño e aprende que, como na vida, as cousas -aínda que se fagan con boa intención- pódense revirar.

Trátase dun texto humorístico estruturado en episodios cuxa cerna son as travesuras de Emil; disparates hilarantes que representan a nobreza da infancia e reflicten o temperamento alegre do protagonista, a súa forma natural de ser e de expresarse que, malia desbaratar a paz do fogar, se enmarcan nun ambiente lúdico que irradia a toda a comunidade. Astrid Lindgren recrea a literatura costumista de raíz popular facendo que a voz narradora adopte a forma oral dos contos: vivencias cómicas acontecidas nun tempo indeterminado nas que se mesturan a experiencia e a tradición.

Tras ver un dos seus debuxos, a propia autora elixiu a Björn Berg para ilustrar a Emil, quen tomou como modelo o seu fillo Torbjörn. Tamén viaxou a Småland, a terra natal de Astrid Lindgren, para familiarizarse coa paisaxe e cos seus habitantes. O resultado foron un cento de imaxes en tinta -agora restauradas e coloreadas- que, acordes ao sentido do humor da prosa, destacan pola calidez, os detalles e o dinamismo dos personaxes.



- **Temática:** as andanzas dun neno traste.
- **Idade recomendada:** desde 6 anos.
- **Aspectos destacables:** humor, aventuras, infancia, medio rural, xogos, familia, convivencia, valores humanos, imaxinación; clásico da literatura infantil, literatura nórdica; da autora da triloxía «Pippi Mediaslongas» e «Lotta» (KALANDRAKA).
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/as-aventuras-de-emil-g>

Astrid Lindgren

(Suecia, 1907 - 2002)

Astrid Anna Emilia Ericsson naceu nunha granxa de Nås, na provincia sueca de Småland. Afeccionada a escribir dende moi nova, foi autora de máis de 60 libros pioneiros na defensa dos dereitos da infancia e das mulleres, da igualdade, da non violencia, da natureza e dos animais. Escribiu «Pippi Mediaslongas» para a súa filla Karin mentres estaba convalescente e a obra foi publicada en 1945. Converteuse nun texto de referencia en todo o mundo e foi traducido a numerosas linguas. Entre os moitos recoñecementos que recibiu Astrid Lindgren destacan o Premio Nacional de Literatura de Suecia (1957), o Premio Hans Christian Andersen (1958), a Medalla de Ouro da Academia Sueca (1971), o Premio da Paz dos libeiros alemáns (1978) e o Premio Internacional do Libro da Unesco (1993). En 2003 o goberno sueco instaurou o Premio Memorial Astrid Lindgren, o máis importante no eido da literatura infantil e xuvenil.

<http://www.astridlindgren.com>

Björn Berg

(Alemaña, 1923 - Suecia, 2008)

Debuxante, pintor e artista gráfico. Ilustrou máis de 400 libros infantís e de historia, reportaxes e artigos en xornais, ademais de realizar pinturas e esculturas. Entre 1926 e 1935 viviu en Nova York, a onde se trasladou o seu pai, o artista Foke W. Berg, que foi a súa primeira referencia pictórica. Regresou a Suecia na década de 1940 e, mentres estudaba na Academia Sueca das Artes, traballou facendo debuxos animados. Durante máis de 40 anos estivo vencellado ao Danges Nyheter, o diario máis importante do país. Compartiu proxectos coa artista Eva Gehlin, que sería a súa dona.

www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com